

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS

Artigo 1. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.**

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

1. A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.
2. As empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da vecindade, a contía da taxa consistirá en todo caso, e sen ningunha excepción, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obterían anualmente neste termo municipal as ditas empresas.

Para estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Este réxime especial aplicarase ás empresas sinaladas no parágrafo anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan o subministro como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

Para efectos do disposto neste apartado, entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contraprestación polos servizos prestados no termo municipal.

Non se incluírán entre ingresos, para estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

Así mesmo, non se incluírán entre os ingresos brutos procedentes da facturación as cantidades percibidas por aqueles servizos de subministro que vaian ser utilizados en aquelas instalacións que estean inscritas na sección 1ª ou 2ª do Rexistro administrativo de instalacións de produción eléctrica do Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para a xeración de enerxía susceptible de tributación por este réxime especial.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar os subministros deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás súas redes. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre seus ingresos brutos de facturación.

A contía das taxa que puidera corresponder a Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual referida no apartado 1 do artigo 4º da Lei 15 de 1987, de 30 de xullo, en relación co disposto no artigo 21.5 da Lei 50/1998, do 30 de decembro.

Artigo 6. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7. Dereito a percibir

Tense dereito a percibi-la taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, nace a obriga de contribuír o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

	Acordo	Publicación
Aprobación inicial	Pleno 23.11.1998	BOP 03.02.1999
Modificación	Pleno 13.12.2002	BOP 12.03.2003
Modificación	Pleno 10.11.2003	BOP 26.12.2003
Modificación	Pleno 08.11.2004	BOP 30.12.2004

ANEXO

Primeiro. Tarifa

I. Para a aplicación desta taxa terase en conta a clasificación de rúas que se transcribe a continuación:

RÚAS DO GRUPO A:

Avda. de Benito Vigo
Praza de Galicia
Rúa de Calvo Sotelo
Rúa Ulla
Avda. de Pontevedra (ata a Avda. de Marín)
Praza da Constitución
Rúa nº 5 ou rúa Castelao

Praza de Martínez Anido
Rúa Capitán Bernal
Rúa Peregrina
Avda. de América
Rúa de Waldo A. Insúa
Rúa de Padron
Praza da Igrexa
Rúa de Serafín Pazo (dende a Pza. de Galicia ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Pérez Viondi (dende a Pza. da Galicia ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Iryda (dende a Rúa Justo Martínez ata a Avda. de Ponteareas)
Avda. de Ponteareas (dende a Porta do Sol ata a Avda. de Benito Vigo)
Rúa de Severino Trigo
Rúa Don Nicolás
Travesía de Vega de Armijo
Rúa Justo Martínez

RÚAS DO GRUPO B:

Avda. de Pontevedra (dende a Avda. de Marín ata o final)
Rúa Fernando Conde (dende a Porta do Sol ata o cruce oca estrada de Vinseiro)
Avda. de Santiago
Rúa nº 18 de Ordenación Urbana ou Rúa de Cerdedo
Rúa nº 19 de Ordenación Urbana ou. Travesía Avda. de América
Rúa nº 20 de Ordenación Urbana ou Rúa de Forcarei.
Rúa nº 5 de Ordenación Urbana ou Antón Losada Diéguez
Avda. de Vigo
Avda. de Venezuela
Travesía Irmáns Valladares
Rúa San Paio (dende a Pza. de Galicia ata o límite do casco de poboación)
Rúa Gradín
Travesía de Veá
Rúa Serafín Pazo (dende a Avda. Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa Pérez Viondi (dende a Avda. Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa Iryda (dende a Avda. de Ponteareas ata o cruce que sae da casa Hrdos. de D.Jesús Portela) ou rúa nº 49
Rúa da Baiuca
Rúa do Muíño (dende a rúa Leicures ata o límite do casco urbán)
Rúa nº18 ou Travesía ou Prolongación Wa1do A. Insúa
Rúa Marín
Rúa de Rosalía de Castro
Travesía do Cruceiro
Rúa. nº 24 ou nº 58 das vixente N.O.S.P.
Prolongación da Avda. de Ponteareas ou Avda. da Torre (dende a Avda. de Benito Vigo ata o límite do casco de poboación)
Rúa do Matadoiro
Rúa Leicures
Rúa nº 62
Rúa X ou nº 13 das N.O.S.P.
Rúa Y ou nº 11 das N.O.S.P.
Rúa nº l4
Rúa nº 29
Travesía da Igrexa
Praza da Feira

RÚAS DO GRUPO C:

Rúa de Iryda (dende a casa de Hrdos. de Jesús Portela ata o final)
Rúa do Cruceiro
Rúa da Cañoteira
Rúa Decoita
Rúa Penerada

Outros lugares do extrarradio e demais vías públicas non sinaladas anteriormente e enclavadas en solo urbano ou apto para urbanizar.

GRUPOS N e R.

Comprende as vías públicas enclavadas na zona rural do municipio.

II. A estrutura e contía desta taxa é a que figura a continuación, respectando, en todo caso, o disposto no artigo 24.1 e na Disposición Adicional 8 da Lei 39/1988, do 28 de decembro:

TARIFA 1.- Palomillas, transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cables, riles, tuberías e outros análogos. Definición: Ocupación privativa ou especial do solo e voo da vía pública cos seguintes elementos e segundo a medición do elemento físico tributario que se especifica en cada epígrafe. O período de tempo correspóndese con un semestre.

1. Palomillas para o sostemento de cables: por cada unidade.
2. Transformadores colocados en quioscos: por cada metro cadrado. Se o transformador está colgado sobre postes o valor da ocupación dividirase por 10.
3. Caixas de amarre, distribución e de rexistro. Por cada unidade.
4. Cables de traballo colocados na vía pública ou terreos de uso público por metro liñal ou fracción.
5. Cables de alimentación ou de conducción de enerxía eléctrica, por metro liñal ou fracción. O valor da ocupación dividirase por 10.
6. Conducción telefónica dosada ás fachadas: por metro liñal ou fracción. O valor da ocupación dividirase por 10.
7. Cables non especificados noutros epígrafes, por cada metro lineal ou fracción. O valor da ocupación, se ocupa voo, dividirase por 10.
8. Ocupación do solo da vía pública con tuberías para a conducción de auga ou gas: por cada metro lineal ou fracción.
9. Ocupación do voo con conductiones de calquera clase restantes:

- a) Por ml. e por 0,25 se o ancho non excede de 50 cm.
- b) Por ml. e por 0,50 se o ancho non excede de 1 m.
- c) Por ml. e por 0,75 se o ancho excede de 1 m.

10. Ocupación do solo con conduccións de calquera clase restantes:

- a) Por ml. e por 0,50 se o ancho non excede de 50 cm.
- b) Por ml. e por 1 se o ancho non excede de 1 m.
- c) Por ml. e por 1 se o ancho excede de 1 m.

A contía correspondente a esta tarifa será o resultado de multiplicar ou dividir, segundo os casos, o valor da ocupación indicado na seguinte relación, segundo a posición por zonas, polos coeficientes ou divisores indicados en cada epígrafe (parámetro 1 se non se indica nada) considerando os metros cadrados, metros lineais ou unidades, segundo a ocupación establecida e como tempo mínimo un semestre.

Valor da ocupación segundo unidade de medición:

Zonas	Unidade de medición		
	m ²	ml	Ud.
	€/semestre		
Zona A	15,63	7,81	0,31
Zona B	9,92	4,96	1,20
Zona C	4,51	2,25	0,09
Zonas N e R	0,45	0,23	0,01

TARIFA 2.- Postes: Ocupación privativa ou especial do dominio público con estes elementos, considerando os diámetros dos postos divididos en tramos de ata 10 cm., 50 cm. ou máis de 50 cm.. O período computable é de seis meses.

A contía será a indicada na seguinte táboa como valor de ocupación, segundo as zonas e as unidades resultantes en cada caso con un tempo mínimo semestral. Se os postes sustentan conductores de enerxía eléctrica de media tensión, a contía será a dobre do valor de ocupación da táboa e, se sustentan conductores de alta tensión, será o triple do valor indicado.

Valor de medición segundo unidade de medición:

Zonas	Diámetros ata		
	10 cm	50 cm	más de 50 cm
	€/Unidade		
Zona A	0,25	2,21	13,80
Zona B	0,16	1,40	8,75
Zona C	0,07	0,64	3,98
Zonas N e R	0,01	0,07	0,40

TARIFA 3.- Básculas, aparellos ou máquinas automáticas. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados en cada epígrafe. Período computable: un semestre.

1. Básculas.
2. Cabinas fotográficas, máquinas de xerocopias e similares.
3. Aparellos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo non especificados noutros epígrafes.

As contías obteranse da táboa seguinte:

Zonas	€/ m2/semestre
Zona A	15,63
Zona B	9,92
Zona C	4,51
Zonas N e R	0,45

TARIFA 4.- Outras instalacións non incluídas anteriormente. Definición: Ocupación privativa do dominio público con elementos que poidan ocupar solo e voo segundo cada epígrafe por semestre.

1. Solo, por cada metro cadrado.
2. Voo, por cada metro cadrado proxectado verticalmente sobre o solo.

As contías obteranse da táboa seguinte, considerando como superficie mínima computable un metro cadrado:

Zonas	Por m2 en:	
	solo	voo
	€/ m2/semestre	
Zona A	16,64	3,33
Zona B	10,56	2,11
Zona C	4,80	0,96
Zonas N e R	0,48	0,10



Segundo. Outras normas especiais de xestión

As cantidades esixibles con arreglo á Tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.